



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: els

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE CONTRATAR O SERVIZO DE XESTIÓN E INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA A DELEGACIÓN MUNICIPAL DE TURISMO.

O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de información turística do Punto de Información do Lago de As Pontes e do Centro de interpretación A Mina. Coa realización deste contrato de servizos o Concello das Pontes, a través da delegación de Turismo, pretende ofrecer un servizo innovador, integrado e de calidade para dar a coñecer a oferta turística do Concello e poñer ao dispor do visitante a información sobre os produtos turísticos, recursos, eventos e actividades de toda a Comarca.

Á súa vez dispoñer de dúas oficinas desde as que poder solicitar a información estatística ás persoas visitantes e turistas que acceden ao Concello, tanto pola que se converteu nos derradeiros anos na entrada principal á nosa vila, o Lago, coma no Centro de interpretación A Mina.

As especiais características do servizo evidencia que o Concello das Pontes non dispón de persoal apto para a prestación do servizo, sendo demandado un perfil profesional especializado, altamente cualificado e con coñecemento de idiomas.